

LAXE · TRABA

**Laxe - Cal do Castro - Peñón do Castro - Praia do Soesto -
Punta do Catasol - Praia do Arnado - Furna A Mesadoira -
Praia de Traba - Lagoa de Traba - Mórdomo**

Punto de partida:

*Praza de Ramón Xuega de
Laxe.*

Lugar de chegada:

Mórdomo (Traba).

Distancia:

8 km.

Duración:

3 - 4 horas a pé.

Dificultade:

Media.

Cartografía:

*Mapa 43-IV de Laxe e 43-III
de Camelle, esc. 1/25.000 del
I.G.N. (Instituto Geográfico
Nacional).*

Observacións:

Esta fermosa excursión pola costa de Laxe, Soesto e Traba discorre sempre por camiños e sendas á beira do mar. Ollaremos marcados sobre o granito as rodeiras dos carros, que antigamente recollían o argazo para aboa-las hortas.

Tamén percorre os longos areas que hai ata Traba.

Ó remate da nosa rota, en Mórdomo, atópase o bar “Os Espiños”, onde se fan comidas por encargo e dispoñen dun microbús de 14 prazas que os poderían levar de volta a Laxe. (Chamar antes ó teléfono: 981 728 004).

*Subindo de Laxe ó Cal de Castro, deixamos atrás
Punta Insua e Faro de Laxe (Rota 1).*



Descrición do itinerario:

Na praza Ramón Xuega de Laxe iniciar o percorrido pasando polo Arco, que nos leva da rúa Real ata a Igrexa de Santa María da Atalaia de estilo gótico mariñeiro. Fronte á Igrexa hai que seguir cara a esquerda as indicacións do PR a Punta Insua e o camiño do Cemiterio pola rúa Hospital ata o cruce coa rúa do Campo, onde un ramal do PR vai cara a dereita en dirección ó faro de Laxe (km 0,2 / alt. 27 m). Nós subiremos cara a esquerda, pola rúa do Campo, rumbo á Capela de Santa Rosa e algo máis adiante, cando o outro ramal do PR baixa cara a esquerda por un camiño entre muros para dirixirse a Santa Rosa (km 0,5 / alt. 34 m), temos que seguir recto preto dun tendido eléctrico entre as últimas casas dispersas de Laxe.

Deixando á dereita a última casa



A magnífica Praia de Traba. Ó Lonxe Mórdomo, ó pé de Rascabolas.

solitaria sobre a furna de Morelo (km 0,8 / alt. 55 m) o camiño sube recto abafado entre silvas e ollando a Cape-la de Santa Rosa á esquerda.



Paso da Punta de Catasol cara Traba.

Abeirado de valados, o camiño segue pola dereita –deixando á esquerda dúas cruces– acadando o Cal do Castro, onde se atopan, á esquerda, os vellos depósitos de auga que abastecían Laxe.

Dende o Cal do Castro podemos subir ó Peñón do Castro, de 92 metros de altura, dende onde ollaremo-la praia de Soesto ó pé do monte. Logo, temos que baixar novamente ó Cal do Castro e seguir baixando cara a dereita ata esta fermosa praia de Soesto (km 1,7 / alt. 7 m) onde hai unha área recreativa.

Soesto é un lugar moi frecuentado polos surfistas e polas familias que queren pasa-lo día neste entorno idílico.

Percorrendo a praia, dirixímonos cara a Punta do Catasol por unha corre-doiira sobre os cantís, onde se observan os granitos desgastados polas pegadas dos carros que recollían antigamente o argazo pola costa (km 2,6 / alt. 12 m).

Camiñamos entre O Castrillón e a costa vendo na lonxanía a praia de Traba e os muiños eólicos de Camelle (Camariñas).

Praia de Traba.



Ó pasar sobre a praia do Castrillón (km 3,5 / alt. 10 m) comeza un camiño entre valados e vemos ó fondo, sobre Traba, a Torre da Moa (Rota 6) e a Pena de Mórdomo e Rascalobos (Rota 4). Tras dos últimos valados seguimos cara a dereita o camiño máis pisado, chegando á pequena praia de Arnado (km 3,8) onde hai unha fonte e uns banzos de madeira que facilitan a súa baixada. Poñemos rumbo a Traba polo camiño que bordea o monte de As Quenllas.



Lagoa de Traba antes de chegar a Mórdomo. No monte vemos a Pena de Mórdomo (Rota 4), Rascalobos e Pena Tallada.

Cando pasamos sobre a pequena Furna A Mesadoira (km 5,2 / alt. 27 m)

Mórdomo.



evitamos o camiño que leva a Boaña e baixamos pola dereita ata a praia de Traba. O sendeiro pasa moi pegado ó cantil do Faio, onde levaremos moito coidado ó pasar. Finalmente chegamos ó longo e salvaxe areal de Traba, que percorreremos.

Cruzamos a desembocadura do río de Traba que vén da lagoa. Camiñando pola praia vemos á esquerda Boaña.

Cando chegamos á metade da praia de Traba vemos tamén unhas dunas fixas á esquerda (km 6,8) e dirixímonos a elas cruzando ata a lagoa, onde, con cautela, podemos observa-la avifauna: garzas, parrulos, gaivotas,...

Perccorremos o borde da lagoa rumbo a Mórdomo pasando preto dun panel interpretativo, que representa o ecosistema do entorno. Collemos un camiño cara a dereita ata saír ó asfalto, que tomamos novamente pola dereita ata Mórdomo (km 8) onde podemos rematar o noso itinerario de hoxe visitando os cabazos, as casas blasonadas e o Figueiral cantado polo noso insigne bardo Eduardo Pondal.